

PLAN XERAL

DE

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP "SAL LENCE"

ÍNDICE

- 1.- Xustificación baseada no contexto.
- 2.- Identificación e valoración de necesidades.
- 3.- Determinación dos obxectivos.
- 4.- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade
- 5.- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
- 6.- Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.
- 7.- Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
- 8.- Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumno e cos diferentes servizos externos ó centro.
- 9.- Protocolo para solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
- 10.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan.
- 11.- Anexos

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O centro é de titularidade pública dependente da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e O.U. co nome de Colexio de Educación Infantil e Primaria (C.E.I.P.) "Sal Lence"; situado na Avenida de Oza (zona dos Castros) na Coruña.

O centro escolariza a alumnado con situacións socio-familiares e económicas diversas e polo tanto con problemáticas diversas:

- Alumnos/as con n.e.e.
- Alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnos/as con altas capacidades.
- Alumnos/as procedentes do estranxeiro.
- Alumnos/as pertencentes á etnia xitana.
- Outras problemáticas familiares: ambientes marxinais, etc.

Para atender a estas necesidades precisaríamos un equipo de especialistas a tempo completo (PT e AL) , xunto coa coidadora e o apoio a infantil.

A zona de influencia abarca toda a franxa occidental da cidade: Barrio dos Castros, rúa Avenida de Oza, Avenida do Exército, A Pasaxe, As Xubias. Tamén recibimos alumnado de Eirís.

Colindante ao noso centro hai outro centro educativo "Anxo da Garda", o Centro Cívico San Diego co que mantemos estreita colaboración cos seus Servizos Sociais, Polideportivo San Diego e o Forum Metropolitano.

Ao instituto "Monte das Moas" vai a maioría do noso alumnado por ter dereito preferente e ao que está adscrito o noso Departamento de Orientación. No mes de xuño se levan a cabo as charlas e Xornada de Portas Abertas para o alumnado de 6º de Primaria.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (que se deroga), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, entendese por atención á diversidade "**o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado**".

Principios xerais

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Se priorizaran as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e

necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

A atención á diversidade do alumnado é uns dos principios que debe impregnar tanto os aspectos organizativos coma os didácticos do centro educativo, polo que é importante saber o tipo de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que a lei establece:

- Alumnado con necesidades educativas especiais,
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo,
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/o cultural,
- Alumnado con altas capacidades intelectuais,
- Alumnado que se incorpora tardiamente ó sistema educativo,

As actuacións e medidas de atención á diversidade concretaranse no **Plan de Atención á Diversidade** sendo o responsable da súa redacción e concreción o Departamento de Orientación. Ao inicio do curso escolar dito departamento elaborará a proposta de concreción anual deste Plan Xeral de Atención á Diversidade para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.

2.1.- Identificación das necesidades

A identificación e valoración de necesidades debe ser entendido como un proceso continuo, necesario para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade. Nesta identificación a **avaliación inicial** constitúe un factor preventivo na atención á diversidade.

Ao principio de curso en todos os grupos e etapas educativas faise unha avaliación inicial por parte do/a profesor/a titor/a referida aos niveis de competencia curricular, tanto dos grupos como dos alumnos individualmente, para coñecer na situación na que se atopan e que deberá ser ampliada cando se trate de alumnado con necesidades educativas especiais, a fin de adecuar o curriculum e poder elaborar as adaptacións curriculares, se no informe de avaliación psicopedagóxica ven indicada como a medida máis idónea despois da aplicación doutras medidas de atención a diversidade (artigo 55 Adaptacións curriculares); así como deseñar as accións educativas e reforzos adecuados

ao nivel de coñecementos dos/as alumnos/as.

A propia normativa de atención á diversidade sinala que "porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente da ordinaria.....".

2.2.- Proceso de valoración individualizada das necesidades

AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

O proceso de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contexto familiar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe constitúe a avaliación psicopedagóxica. Levarase a cabo cando concorra algunha das seguintes situacións:

- a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe ou existencias de indicios de altas capacidades.
- b) Necesidade de complementar os resultados da avaliación inicial.
- c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que, require, previamente, esa avaliación.
- d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- e) Considerase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

Con carácter xeral, corresponde ao titor/a, cando se cumpra algunha das situacións descritas anteriormente, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación mediante o correspondente protocolo (Anexos).

Os pais, nais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informados da realización de dita avaliación, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación, tendo que quedar constancia escrita destas informacións.

Dita valoración tamén poderá proceder tamén das nais, pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Dita circunstancia deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente (Artigo 16).

INFORME PSICOPEDAGÓXICO

O Xefe/a do Departamento de Orientación, unha vez recibida a autorización dos pais ou titores legais, iniciará a avaliación psicopedagóxica e elaborará un informe segundo o disposto na normativa vixente (Artigo 17) na que deben figurar:

- Alumno/a: datos de identificación, datos físicos e de saúde, desenvolvemento persoal e social, historia escolar, nivel de competencia curricular, grao de adquisición das competencias, potencial de aprendizaxe, intereses e grao de motivación, preferencias de aprendizaxe e necesidades educativas que presenta.
- Contexto escolar: aspectos do proxecto educativo, da organización do centro, da liña metodolóxica e da intervención educativa; características das relacións que establece co profesorado que o atende e cos seus compañeiros/as.
- Contexto sociofamiliar: características da familia e do seu contorno social; aspectos que inflúen na situación actual do/a alumno/a; expectativas da nais, pais ou das persoas titoras legais do alumnado; grao de cooperación co centro docente; posibilidades de colaboración da propia familia; recursos socioculturais do contorno que utiliza o/a alumno/a ou as que podería acceder.

Corresponde ao equipo docente achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción cos/as compañeiros/as, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas escolares e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

A partir desa información se deberá concluír:

- a) Se se trata dun alumno/a con necesidades específicas de apoio educativo, e especificar o tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta.
- b) A proposta de escolarización que se considere máis adecuada cando forme parte dun ditame de escolarización.
- c) Se procede adaptar o currículo de determinada área ou materia cando a xefatura do departamento de orientación considere que é a medida máis adecuada, sen que iso teña carácter vinculante para o equipo docente.

d) A solicitude dunha flexibilización da duración do período de escolarización cando a xefatura do departamento de orientación considere que é conveniente, sen que isto teña carácter vinculante para a adopción desa medida.

Este informe ten carácter confidencia e revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización do/a alumno/a cando se produzan modificacións significativas da súa situación. En todo caso revisarase como mínimo ao comezo de cada etapa educativa. Arquivarase o orixinal no expediente escolar do alumno/a.

No caso de que as nais, pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente que facilitaralles copia de dito informe. Dita entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente do/a alumno/a.

c) DITAME DE ESCOLARIZACIÓN

Consiste nun informe persoal dun alumno/a con necesidades específicas de apoio educativo, elaborado pola xefatura do departamento de orientación do centro que incluírá:

A) Datos persoais do/a alumno/a e motivo do ditame.

B) Conclusións do proceso de avaliación psicopedagóxica referidas a:

1º. Desenvolvemento xeral do/a alumno/a.

2º. Nivel de competencia curricular e/ou competencias adquiridas.

3º. Outras condicións significativas para os procesos de ensino e de aprendizaxe.

C) Orientacións sobre a resposta educativa, considerando:

1. Necesidades do/a alumno/a.

2. Proposta curricular, aspectos organizativos e metodolóxicos.

3. Tipo de apoio material e profesional necesario, especificando se o centro xa dispón deses recursos.

D) Proposta razoada da escolarización. Nesa proposta incluírase, no caso de modalidade combinada, a previsión de tempo de permanencia na aula ordinaria e no centro de educación especial. Ademais, de ser o caso, establecerase o prazo de revisión da proposta de escolarización.

E) Acreditación, por escrito, da opinión do pai, nai ou das persoas titoras legais do/a alumno/a sobre a proposta de escolarización.

F) Formara parte do expediente escolar e terá carácter confidencial.

Dito ditame se elaborará no caso que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- b) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo galego.
- c) Alumnado para o que se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Alumnado que presente outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O Plan Xeral de Atención á Diversidade tenderá entre outros a acadar os seguintes obxectivos:

- Adoptar as medidas que respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Facilitar e promover a inclusión escolar e social do noso alumnado.
- Detectar posibles dificultades de aprendizaxe e artellar respostas axeitadas.
- Desenvolver medidas de actuación de tipo curricular, relacionar e organizativa para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Favorecer o axuste das programacións ás necesidades educativas detectadas.
- Optimizar a organización dos recursos persoais e materiais do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidades específicas especiais e necesidades específicas de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientación por parte de todo o profesorado.
- Establecer relacións fluídas de colaboración coas familias asesorándoas no seu labor educativa.
- Propiciar as relacións co entorno sociocomunitario para promover actuacións conxuntas que favorezan o desenrolo do noso alumnado.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, cando cumpra, coa correspondente autorización.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é unha tarefa que implica a toda a comunidade educativa polo que se artellará a través de diversas actuacións:

1.- Proxecto educativo de Centro

A atención á diversidade formará parte de toda programación didáctica facendo explícitas as medidas tomadas e as distintas canles de actuación.

2.- Plan de Acción Titorial

Se inclúen actuacións específicas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e as súas familias e aqueles outras actuacións que dean resposta á diversidade de motivacións, crenzas e culturas.

3.- Plan Xeral de Orientación

A finalidade da orientación educativa é facilitar o desenvolvemento armónico e integral do noso alumnado, promovendo actuacións encamiñadas á individualización da ensinanza, á inclusión e a normalización da atención educativa.

4.- Programa de Transición de Primaria a Secundaria

Elaborado en coordinación co IES "Monte das Moas", propicia a continuidade na resposta educativa ó longo da vida escolar do alumnado, cando este abandona o noso centro e accede á Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.). Anexo.

5.- Programa de Acollida a Educación Infantil

Dirixido a todo o alumnado que se incorpora ó noso centro e que comenza a súa escolarización en Educación Infantil 3 anos e que seguirá un Período de Adaptación progresivo e en estreito contacto coa familia.

6.- Programa de Acollida ao alumnado de escolarización tardía ao Sistema Educativo Español

Va dirixido ao alumnado que se incorpora ao centro procedente doutro país, ou que se incorpora tarde á Educación Primaria.

7.- Medidas de atención á diversidade

7.1. Medidas ordinarias

Son medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas estratexias que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación ao contexto sociocultural do centro e as características do alumnado.

Dentro destas medidas a levar a cabo no noso centro inclúense:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- c) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- d) Aulas de atención educativa e convivencia.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Deste reforzo o/a titor/a informará ás familias.
- f) Programas de enriquecemento curricular.
- g) Plan específico de reforzo para ó alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- h) Programa de habilidades e competencias sociais.
- i) Permanencia dun ano máis no ciclo correspondente. Se considera unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo. Deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación. Dita repetición debe entenderse como un medio de recuperación que permita ao alumno/a superar os problemas específicos que presenta. Será importante levaba a cabo o máis temprano posible, e dicir, nos primeiros cursos da etapa de Primaria.

7.2. Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumno/a con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As medidas que se aplicarían no noso centro abarcarían:

- a) **Adaptacións Curriculares** (artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 26 de outubro de 2021). Modelo de ACI no Anexo.

b) **Agrupamentos flexibles** (artigo 56 da Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 26 de outubro de 2021).

c) **Apoio** do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica **(PT)** e/ou Audición e Linguaxe **(AL)**. (Artigo 57 da mesma Orde).

Este recurso está dirixido especialmente á atención educativa do **alumnado con necesidades educativas especiais**, sen prexuízo de que, **excepcionalmente**, atenda outro alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

d) **Flexibilización** da duración do **período de escolarización** nas etapas de educación infantil e educación primaria (Artigo 58 da mesma Orde).

Dita flexibilización pode ser ben por redución (no caso de alumnado con altas capacidades intelectuais) ou por ampliación (no caso de alumnado con necesidades educativas especiais).

e) **Atención educativa** ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro (Artigo 62 da mesma orde).

g) **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro**. Dito alumnado terá a consideración de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Farase unha avaliación inicial que, de considerarse necesario, se completará coa avaliación psicopedagóxica tras a cal, se se detecta que o/a alumno/a **presenta un desfase curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle corresponde por idade**. Dita medida será comunicada ao servizo de inspección educativa. (Artigo 67 da mesma Orde)

Para dito alumnado procedente do estranxeiro tamén se contemplan as seguintes medidas:

1. Grupos de adquisición das linguas. Alumnado de educación primaria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil, que descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia (Artigo 68 da mesma Orde).

2. Grupos de adaptación da competencia curricular. Para alumnado de segundo e terceiro ciclo de educación primaria que presente desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estaescolarizado nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e de Matemáticas (Artigo 69 da mesma Orde).

- **MODO DE ACTUACIÓN E PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN DUN ALUMNO/A A UN PROGRAMA DE APOIO**

Os pasos a seguir serán os que se indican a continuación:

a) Detección

Ao comenzo do curso ou no momento da súa escolarización no centro, o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial por parte do/a titor/a. Dita avaliación será o punto de referencia para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Naqueles casos nos que se detecte posibles necesidades educativas especiais, o Departamento de Orientación levará a cabo as accións da avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico, que rematara coa elaboración dun informe psicopedagóxico que se rexerá polo que determine a orde do 8 de setembro de 2021.

b) Cumprimentación, por parte do/a titor/a, da folla de derivación pertinente (Anexos)

Entrega da folla de derivación á orientador/a para **solicitar a valoración do/a alumno/a**. Esta proposta poderá facerse en calquera momento do curso académico.

c) Entrevista inicial. A orientadora xunto co/a titor/a cita á familia para unha entrevista inicial e solicita a autorización de intervención.

d) Valoración das necesidades e elaboración do informe. A orientadora, xunto co/a titor/a, valorará as necesidades do/a alumno/a redactando un informe e comunicará, en caso de ser necesario, a decisión de intervención das profesoras especialistas en PT e/ou AL ao titor/a, aos pais ou tutores legais e á xefatura de estudos do centro.

No caso de alumnado procedente do estranxeiro se adoptarán, de ser o caso, as medidas establecidas na orde do 20 de febreiro de 2004 *pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro, artigo 7º* e indicadas con anterioridade nas medidas extraordinarias.

e) Establecemento das estratexias a aplicar. Unha vez realizada a comunicación, a orientadora e as profesoras de apoio co profesorado implicado establecerán as estratexias máis eficaces que se deberan aplicar co/a alumno/a.

f) Avaliación e seguimento do programa de intervención do/a alumno/a.

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Fundaméntanse no disposto na normativa vixente, os criterios establecidos polo propio centro e a adaptación ás circunstancias concretas de cada curso escolar.

A proposta de organización da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, con necesidades específicas de apoio educativo por parte do profesorado de PT e AL e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos neste plan; contando coa participación do profesorado titor do/a alumno/a e do profesorado de PT e/ou de AL. Os casos novos que se presenten serán atendidos segundo as posibilidades do momento.

O departamento de orientación avaliará necesidades e dispoñibilidade de profesorado especialista ou a inclusión nalgún grupo. No suposto de imposibilidade, aplicaríanse o resto de medidas posibles, permanecendo en espera desa atención especializada.

As medidas a adoptar determinaranse en función dos recursos do centro, polo que os criterios para a súa organización e distribución se priorizarán do seguinte xeito:

A- Criterios para o establecemento dos apoios das especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).

1. Prioritariamente Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) derivadas de discapacidade con informe psicopedagóxico, informe EOE, informes clínicos e/ou informes de organismos correspondentes derivadas de:

- Deficiencia motora
- Deficiencia sensorial
- Deficiencia mental
- Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento (TXD)

A atención docente directa por parte do/a especialista en Pedagogía Terapéutica realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado que apoia. Fora da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais. (Artigo 57)

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala:

- Alumnado con NEE de carácter permanente, derivadas de discapacidade.
- Trastornos graves da comunicación.
- Retraso moderado e severo da linguaxe.
- Retraso simple da linguaxe.
- Alteracións na fala:
 - disfemias
 - disartrias
 - dislalias orgánicas
 - disfonías

A atención do/a especialista en Audición e Linguaxe se levará a cabo fora da aula ordinaria e nas sesións que se determine en función das súas necesidades e da dispoñibilidade de especialista (compartida ou a tempo completo).

2. Excepcionalmente Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE) con informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación e/ou informe do EOE. Dito apoio

- Trastornos graves de conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- TDAH
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
- Alumnado Altas Capacidades.

Este alumnado será **atendido pola especialista en Pedagogía Terapéutica (PT)** dentro da aula ordinaria. Fora da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico. Dita atención realizarase ben de maneira individual ou en pequeno grupo, segundo sexan as necesidades do alumnado e atendendo a un mellor rendemento dos recursos humanos dos que dispoña o centro.

O alumnado procedente do estranxeiro e/ou incorporación tardía ao sistema educativo, de ser necesario, tamén poderán recibir apoio da especialista en Audición e Linguaxe (AL) no caso de descoñecemento das linguas e da dispoñibilidade do centro de dita especialista.

B- Criterios para o establecemento de reforzos do profesorado con dispoñibilidade horaria

- 1º.- Alumnado repetidor que segue a suspender.
- 2º.- Alumnado repetidor con dificultades de aprendizaxe.
- 3º.- Alumnado non repetidor que non acada avaliación positiva.
- 4º.- Alumnado de altas capacidades con programa de enriquecemento.

C- Persoal Auxiliar Coidador

Atende ao alumnado con necesidades educativas especiais, escolarizado no centro, que presente algunha das seguintes características:

- a) Necesidade de ser acompañado en todos ou parte dos seus desprazamentos.
- b) Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- c) Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- d) Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar para os cales careza de autonomía.
- e) Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

Dito persoal coidador terá as seguintes **funcións**:

- a) Atender ao alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas.
- b) Realizar os cambios e control postural que ese alumnado necesite.
- c) Facilitar o traslado polos espazos do centro.
- d) Contribuír ao seu coidado durante o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.

f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.

g) Nos casos excepcionais en que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.

h) Colaborar nas actividades complementarias en que participe o/a alumno/a.

i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes e polo departamento de orientación.

j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

OUTRAS ORIENTACIÓNS SOBRE MEDIDAS ORGANIZATIVAS E APOIOS

→ Os apoios das especialistas en PT e AL se priorizarán do seguinte xeito:

- **Apoios da especialista en AL:** se priorizarán no alumnado de menor idade para evitar que se consoliden os problemas e ter unha actuación preventiva o antes posible. Considérase que o alumnado de Ed. Infantil 5 anos e de 1º e 2º de Primaria deben ser de atención prioritaria. Neste sentido e, sempre que o centro conte cos recursos humanos necesarios, se promoverá a implementación de programas de estimulación da linguaxe para infantil 4 e 5 anos.

- **Apoios da especialista en PT:** dirixidos especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente e de ter dispoñibilidade horaria, atenderá ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Os apoios realizaranse dentro da aula ordinaria. De ser preciso a realización de apoios fora da aula ordinaria para atender dificultades puntuais, levarase a cabo durante o horario do profesorado titor e co consentimento do pai, nai, tutores legais do alumnado para o que se lles facilitará o modelo de autorización correspondente. (Anexo)

→ O reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, terá prioridade o alumnado con menor idade a modo de intervención preventiva e tratando de evitar futuros trastornos na lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas,....

→ Propiciar que os apoios e reforzos sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente ós profesionais participantes como á temporalización dos mesmos.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓ COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

No centro contamos con dúas especialista en Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Apoio a Infantil, ambas as dúas definitivas. A especialista en AL está compartida con outro centro. Na actualidade non contamos con coidadora.

Tanto as especialistas en PT como a especialista en AL **atenden as necesidades máis graves do alumnado**. A súa labor rexerese en base ás orientacións previas da/o Xefa/e do Departamento de Orientación/ Equipo de Orientación Específico.

PROFESIONAL	MEDIDA	ACTUACIÓN
Mestre Titor/a	Plan acción Titorial	Posta en práctica, seguimento e valoración.
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta de avaliación da súa clase	Presidir, coordinar e levantar acta.
	Plan de Acollida e Adaptación	Concreción e posta en práctica.
	ACI REFORZO EDUCATIVO	Coordinación, elaboración e implementación.
	Plan de Transición a Secundaria.	Implementación e seguimento.
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitud de ó DO. Información ás familias. Colaboración co DO
	Apoios Educativos	Colaborar na organización. Atención directa e coordinación co profesional que o desenvolve.

Mestres en disposición horaria	Reforzos	Atención directa
Mestres especialistas ou sen titoría	ACS-RE Avaliación Psicopedagóxica	Elaboración e implementación Colaborar na elaboración e implementación
Mestra de apoio EI	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
Mestres de PT, AL	ACIS Apoios educativos Av. Psicopedagóxica	Colaborar na elaboración e implementación de ACIS Colaborar na organización. Atención directa. Colaboración Av. PS.
Xefatura do DO	Av. Psicopedagóxica Dictame de Escolarización	Elaboración de Informes. Solicitude de colaboración do EOE e/ou doutras institucións/servizos.
	ACIS	Asesoramento e coordinación.
	Plan de Transición a ESO	Coordinación co IES
	Plan de Acción Titorial	Asesoramento
	Apoios Educativos	Elaboración da proposta de organización dos mesmos.
	Plan de Orientación	Redacción e concreción de actuacións do DO para o curso.
	Plan xeral de atención á diversidade	Redacción das concrecións anuais.
	Programacións curriculares	Inclusión na PXA
	Plan Xeral de Atención á	Responsable do

Equipo Directivo	Diversidade	desenvolvemento, seguimento e avaliación.
	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	Autorización ou solicitude de autorización onde corresponda.
Departamento de Orientación	Plan Xeral de atención á diversidade	Elaboración e concreción anual. Implementación
	Plan de Orientación	Elaboración e concreción anual. Implementación
	Plan de Acción tutorial	Seguimento e valoración
Claustro	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o plan ao consello escolar
Consello Escolar	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Aprobación.

XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Proposta de organización dos apoios do profesorado de PT e AL	Orientadora e mestres de PT e AL	Titores/as do alumnado con N.E.E. e N.E.A.E.	1ª e 2ª quincena de setembro
Revisión e reactivación de solicitudes realizadas no curso anterior ós EOE que non foron atendidas	Orientadora	EOE	Setembro
Colaboración na avaliación inicial do alumnado de nova incorporación ao centro	Orientadora e mestres de PT e AL	Alumnado de nova incorporación ao centro	O longo de todo o curso
Elaboración e aprobación do Plan Anual do D.O.	Orientadora	D.O., Claustro e Consello Escolar	Setembro/Outubro
